MEMORIA DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD)

Avaliación dos resultados

- **Medidas ordinarias:**
- Tentouse na medida do posible adecuar horarios, agrupamentos e espazos, así como a organización e xestión das aulas ás características do alumnado.
- Realizouse a avaliación inicial ao comezo do curso, seguindo as directrices do Departamento de Orientación e a Comisión Pedagóxica.
- Precisáronse os obxectivos mínimos de nivel e os criterios de promoción.
- Promoveuse unha metodoloxía baseada no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, na titoría entre iguais, no aprendizaxe por proxectos e nun modelo que promova a inclusión.
- Leváronse a cabo adaptacións Curriculares Non Significativas (ACNS) con aquel alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH ou TEA. Deseñáronse actividades de reforzo e de apoio ao currículo.
- Diversificáronse os procedementos de avaliación e os criterios de cualificación.
- En Educación Primaria seguiron a realizarse desdobramentos de grupos e apoios do profesorado no mesmo nivel en horas lectivas dispoñibles.
- En Educación Infantil realizáronse apoios nas aulas por parte do profesorado de apoio de Educación Infantil.

- **Medidas extraordinarias e/ou excepcionais:**

Durante este curso foron atendidos 83 alumnos/as de apoio no centro distribuídos do seguinte xeito:

- 35 alumnos/as recibiron apoio unicamente de Audición e Linguaxe (AL).
- 25 alumnos/as recibiron apoio unicamente de Pedagoxía Terapéutica (PT), fóra e dentro da aula ordinaria.
- 23 alumnos recibiron apoio de AL e PT simultaneamente, tres deles escolarizado/as en modalidade combinada entre aula ordinaria e aula específica do centro.

Hai que ter en conta que nove alumnos/as foron dados de alta durante o curso.

A listaxe de alumnado de apoio enténdese dentro dun proceso aberto, no que existe a posibilidade de entrar ou saír, en calquera momento do curso, segundo a evolución do alumno/a.

Nas sesións de avaliación é onde, con carácter xeral, determinouse a valoración da medida de apoio e a toma de decisións con respecto ao alumno/a e ao grupo.

Ao longo do curso tamén se realizaron reunións entre orientadora, profesorado de AL e PT e profesorado titor. Cremos moi conveniente que estas reunións, realizadas a maiores das sesións de avaliación, non se deixen á vontade persoal de cada profesor/a e se lle dea unha sistematicidade, especialmente naquelas aulas con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) ou con alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE). Prioritariamente nos primeiros e últimos días do do curso.

Neste curso houbo algunha repetición de curso, así como unha flexibilización en infantil.

Para atender ao alumnado con neae contouse cos seguintes profesionais:

Profesorado de PT	5	• 1 en Comisión de Servizos • 2 con destino definitivo • 2 con destino provisional
Profesorado de AL	2	• 2 con destino provisional
Auxiliares Técnico Educativas	2	• 1 con destino definitivo no centro • 1 con destino provisional
Orientadora	1	• Destino definitivo

Como nos pasados cursos funcionaron no centro dúas aulas específicas: unha para o alumnado con Trastorno de Espectro Autista (TEA) e outra para o alumnado con Discapacidade Motora. A aula específica de TEA estivo cuberta por un mestre en comisión de servizos e a de Discapacidade Motora, por unha mestra definitiva. O profesorado asignado ás aulas específicas completou practicamente na súa totalidade o seu horario co alumnado asignado ás mesmas, tanto na aula ordinaria como na aula específica. Ademais participou nos obradoiros levados a cabo: estimulación gustativa, estimulación sensorial e obradoiro de habilidades sociais e xogo.

O resto de mestres de apoio de PT cubriron o seu horario do seguinte modo:

- ACNEAE de 5º e 6º e ACNEE con Adaptacións Curriculares Significativas.
- ACNEAE e ACNEE de 3º e 4º e aula para atención de alumnado con Altas Capacidades. Ao longo do curso, dúas mestras substitutas cubriron as dúas baixas da mestra titular.
- ACNEAE e ACNEE de 1º e 2º curso.

Preferiblemente, sempre que foi posible os apoios foron impartidos dentro da aula ordinaria.

En canto ao profesorado de apoio de AL cubriron o seu horario do seguinte modo:

- Alumnado con necesidades educativas especiais e de escolarización combinada nas aulas específicas e obradoiro de estimulación gustativa.
- Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Ao longo do curso o profesorado de apoio de AL e PT levou a cabo un seguimento continuo do reforzo pedagóxico que estivo a realizar. A tal efecto cubriuse a ficha de seguimento na que se reflectiron as áreas e obxectivos a traballar, os posibles cambios no programa de reforzo a levar a cabo ou no material a utilizar. Estas fichas serviron como programa de traballo, pero ademais como punto de partida para continuar co traballo realizado cando se produciu unha baixa e, cara ao vindeiro curso,como punto de partida no caso daqueles alumnos/as nos que se manteñen no apoio.

En canto ás auxiliares técnico educativas expoñer que as funcións que realizaron no centro foron:

- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades de coidado, vestido, hixiene e aseo persoal.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades dirixidas á adquisición de hábitos alimentarios e de desenvolvemento na mesa.
- Guiar e/ou axudar ao alumno/a na realización de actividades dirixidas á adquisición de técnicas de orientación, mobilidade e autocontrol en desprazamentos e en habilidades da vida diaria.
- Guiar e/ou axudar ao alumno a desprazarse e participar activamente en actividades dentro e fóra do centro, cando as súas condicións o impiden ou dificultan de forma importante ou supoñen un risco físico evidente.
- Axudar ao alumno/a dentro da aula para facilitarlle o acceso ás actividades que presentan especial dificultade para o mesmo. Estas actividades están sempre programadas e supervisadas polo profesorado, ben se desenvolvan na aula ordinaria ou en agrupamentos específicos.
- Axudar ao alumno/a na súa integración social no contexto educativo: entradas, recreos, comedor, saídas, excursións, etc.
- Axudar ao alumno/a a aprender a controlar situacións que implican un risco físico para si mesmo ou para os demais.

O labor realizado polas ATE considérase fundamental para contribuír a dar unha resposta de calidade ao ACNEE ao seu cargo. Durante este curso unha das coidadoras foi trasladada de centro a finais do terceiro trimestre, coas dificultades que iso conlevou. De cara ao curso que vén consideramos absolutamente imprescindible para seguir ofrecendo unha resposta axeitada ao ACNEAE continuar cos mesmos recursos que

contamos no curso actual e seguir tendo a terceira coidadora que traballaba neste centro.

En canto á organización dos espazos físicos destinados á atención do alumnado con neae, están repartidos entre o edificio principal e o edificio coñecido como *A Casiña.* As dúas aulas de apoio de Audición e Linguaxe e as dúas Aulas Específicas, así como o Departamento de Orientación ubícanse neste edificio e as outras mestras de apoio comparten dúas aulas destinadas a aqueles apoios que se dan fóra da aula. Nalgunhas sesións é necesario utilizar unha aula de usos múltiples.

- **<u>Avaliación do plan propiamente dito.</u>**

Para levar a cabo a avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) tivéronse en conta as seguintes fontes de información:

  - Intercambios orais.
  - Escalas e/ou cuestionarios.
  - Avaliacións.
  - Aportacións e conclusións tomadas nas reunións realizadas.
  - Observacións e traballo diario.

A partir destas fontes de información podemos destacar os seguintes aspectos:

- As actuacións relativas á atención á diversidade no centro fixéronse conforme ao previsto no Plan Xeral de Atención á Diversidade, en canto aos obxectivos ,á organización dos apoios e aos tempos e actividades contemplados para atender ao alumnado, profesorado e familias.
- En termos xerais o plan partiu das necesidades reais do centro detectadas nas reunións de comezo de curso e naquelas que foron xurdindo ao longo do curso pasado. Estas eran:
  - Sistematización das reunións da orientadora e profesorado especialista de apoio cos titores de todos os niveis, especialmente naquelas aulas con ACNEAE e a principio e final de curso.
  - Información ao profesorado de novo ingreso sobre determinados temas: aulas EDIXGAL
  - Revisión dos citerios de atención que priorizan que alumnado que debe ser atendido polo profesorado de apoio de AL e PT.
  - Dificultade para facer as novas avaliacións psicopedagóxicas e o seguimento do alumnado. Darase prioridade a aqueles casos que non estean recibindo apoio.
  - Difusión das medidas tomadas nas Adaptacións Curriculares Non Significativas.
  - Revisión e difusión dos obxectivos e contidos mínimos de nivel e criterios de promoción.
  - Reorganización dos desdobramentos en Primaria e deseño dos mesmos de xeito que contemplen as diferentes peculiaridades de cada alumno/a de forma individual, pero que tamén repercutan no grupo de xeito colectivo. Concibilo como docencia compartida.
  - Perfilar a organización dos apoios de Infantil e decidir se este se reparte por igual entre todas as aulas ou dun xeito equitativo tendo en conta aqueles grupos con maiores necesidades.
  - Sistematización e temporalización das charlas enfocadas ás familias.

- Fomento de modelos e metodoloxías inclusivas como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta neae dentro das clases tan numerosas.
- Dar continuidade aos programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola.
- Deixar tempos nas reunións para o proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD.
- Revisión do programa de habilidades sociais e emocionais.
- Manter o número do profesorado de apoio de AL e PT e incrementar o de auxiliares técnico educativas, co fin de poder ofrecer unha atención de calidade ao alumnado con necesidades de apoio.

- O nivel de colaboración e participación dos responsables do PXAD pódese cualificar de alto. Hai que salientar os seguintes aspectos:
  - O profesorado de apoio amosou unha gran implicación para que se conseguiran os obxectivos plantexados. É notable a súa implicación, coordinación e capacidade de traballo en equipo, o que que revirte na calidade da resposta ao ACNEAE.
  - En termos xerais, contamos cun claustro moi implicado na resposta á atención á diversidade, sempre disposto a implementar as suxestións realizadas para responder ás diversas necesidades do alumnado.
  - O labor do Equipo Directivo facilitou, na medida das posibilidades, a posta en práctica das decisións tomadas.
  - O nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro foi adecuado; Equipo de Orientación Específico (EOE), Servizos Sociais, Servizos Sanitarios etc.
  - E por último, pero non menos importante, a implicación no seu traballo das auxiliares técnico educativas, que exerceron un papel fundamental no acompañamento e na forrmación interrelacional do alumnado con NEE ao seu cargo.
- Levouse a cabo orientación personalizada do alumnado que o demandou, así como se deu apoio a todos os nenos/as que, nalgún momento do curso, así o necesitaron.
- A xefa do Departamento de Orientación (XDO) contou cunha serie de horas de atención individual a alumnos/as que así o demandaron. Estas demandas foron realizadas polo titor do alumno/a en cuestión, as familias ou ben os propios alumnos/as. En xeral valoráronse positivamente.
- En xeneral, a atención individualiza solicitada relacionouse cos seguintes aspectos: dificultades de aprendizaxe, dificultades na posta en práctica de técnicas de traballo individual, desmotivación ante os estudios; problemas persoais; orientación académica e profesional e avaliación psicopedagóxica.
- Tamén levouse a cabo orientación personalizada con todas as familias do alumnado que así o demandaron, tendo en conta as necesidades dos seus fillos/as. Mantivéronse as horas de atención a familias que foron utilizadas por moitos deles. A meirande parte das entrevistas desenvolvidas centráronse na preocupación dos pais polo proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as, na petición de orientacións e pautas ante determinados problemas e, en menor grao, asesoramento en problemas familiares. Atendéronse un gran número de demandas

tanto de pais de educación infantil como de educación primaria.

- Coordinouse a atención ao alumnado con neae que pasa a Educación Secundaria Obrigatoria: información psicopedagóxica acumulada na etapa, información sobre situación familiar, relación de alumnos/as que promocionan con obxectivos sen consolidar…
- O profesorado de apoio participou na información trimestral ás familias do ACNEAE nas titorías periódicas cando así se lle solicitou. Cremos que deste xeito a comunicación entre o profesorado de apoio e as familias foi máis efectiva.

- **Propostas de mellora cara ao curso que vén**

- Para realizar as propostas de mellora o profesorado de apoio, a orientadora e os mestres/as dos distintos cursos nas reunións de coordinación cubriron un cuestionario de valoración, que foi valorado na última reunión do Departamento de Orientación. Tamén se tiveron en conta aqueles aspectos que foron xurdindo ao longo do curso.
- Aínda que a avaliación en termos xerais é positiva, atopamos aspectos nos que pode ser mellorada e algúns puntos do curso anterior nos que é preciso volver a incidir:
  - Sistematización das reunións da orientadora e profesorado especialista de apoio cos titores de todos os niveis, especialmente naquelas aulas con ACNEAE e a principio e final de curso. Somos conscientes de que a falta de tempo a nivel de centro ten como consecuencia que estas non se realicen. Debemos recordar que a actuación inconexa e illada de profesorado titor e especialistas non cubre a finalidade educativa que as medidas de atención á diversidade perseguen, polo que se considera imprescindible establecer un calendario pechado de reunións.
  - Consideramos necesario que existan reunións nos primeiros días de curso nas que se aborden estes temas:
    - Información sobre ACNEAE dunha titoría e sobre as medidas que se levan a cabo.
    - Difusión do plan xeral de atención á diversidade e das concrecións anuais do plan de orientación, ben en ciclo, claustro ou nunha reunión a tal efecto.
    - Difusión das medidas tomadas nas Adaptacións Curriculares Non Significativas (ACNS) do alumnado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) , Dificultades Específicas de Aprendizaxe (DEA) e Trastorno de Espectro Autista (TEA).
    - Información ao profesorado de novo ingreso sobre as aulas EDIXGAL.
    - Información ao profesorado como demandar intervención e apoio de AL/PT. Cando un neno/a comece a asistir a apoio será o profesorado titor o que transmita a familia, así como cando sexa alta. Sempre que se considere oportuno estará acompañado do mestre de apoio ou da orientadora. A medida de alta reflectirase nos boletíns de notas.
    - Información ás familias na primeira reunión sobre os desdobres, os apoios e as actividades de integración no centro. Sería interesante que nestas reunións estivera presente a orientadora e o profesorado de apoio.
  - Ademais parécenos oportuno realizar un seguimento cando menos trimestral de

como se están a implementar as ACNS, as ACS e os programas de reforzo, nas que estiveran presentes a XDO, o profesorado de apoio involucrado e o profesorado titor e especialistas.

- En canto ao deseño de actividades de reforzo e de apoio ao currículo dos contidos das materias básicas dentro da titoría seguimos crendo oportuno que contemplen as diferentes peculiaridades de cada alumno de forma individual, pero que tamén repercutan no grupo de xeito colectivo en todos os alumnos/as da aula ordinaria.
- Difusión dos obxectivos e contidos mínimos de nivel. Dalos a coñecer na primeira reunión entre o profesorado e tamén entre as familias.
- En canto aos desdobres realizáronse nos primeiros niveis. Cremos que ás veces confúndense cun apoio dentro da aula en vez dun apoio ao grupo-aula. A primeira recaería unicamente no ACNEAE. Mais o que se busca no desdobre é dirixir o apoio ás necesidades do grupo aula, que repercutirán non so sobre o conxunto do grupo, senón tamén en cada alumno/a individualmente.
- Apoios de Infantil: o ACNEAE foi atendido polo profesorado especialista en Audición e Linguaxe e polo profesorado especialista de PT en casos moi puntuais, segundo os criterios de priorización revisados este curso. Ademais de polo profesorado de apoio de Educación Infantil, recurso humano moi valorado por todo o equipo docente deste ciclo. Cremos que cara o curso que vén sería conveniente seguir repartindo equitativamente entre todas as aulas as horas de apoio, tendo en conta tamén aqueles grupos con maiores necesidades.
- Cara ao vindeiro curso catro sesións dun especialista de AL dedicaranse a estimulación da linguaxe en tres e catro anos de EI. A atención individualizada do mestre de apoio será a partir de cinco anos agás con alumnado con nee. O profesorado acompañará ao mestre de apoio durante o desenvolvemento do obradoiro.
- Continuar fomentando modelos e metodoloxías inclusivas: modelo SEM, docencia compartida, aprendizaxe cooperativa, titoría entre iguais... como medio para dar cabida á atención individual do alumnado que presenta neae dentro das clases tan numerosas.
- Fomentar os apoios dentro da aula co mestre de apoio concibido como docencia compartida. Neste modelo o traballo do mestre de apoio céntrase en propiciar as estratexias e adaptacións necesarias para que todo os alumnos participen na aula traballando o mesmo currículo que os seus compañeiros.
- Dar continuidade aos programas de enriquecemento para o desenvolvemento do talento para toda a escola, facendo uso dos recursos propios do centro e daqueles outros que aproveitan alianzas coa contorna.
- Deixar un tempo fixo nos ciclos, nas Comisións Pedagóxicas e outras reunións para o proceso de seguimento, avaliación e mellora do PXAD.
- Manter o número do profesorado de apoio de AL e PT e incrementar o de auxiliares técnico educativas, co fin de poder ofrecer unha atención de calidade ao alumnado con necesidades de apoio.